NOVEMBRO 2026



ILUSTRACIÓN **PINTO & CHINTO**
TEXTOS **RAQUEL LÓPEZ**

OUTUBRO

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

DECEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

LUNS

MARTES

MÉRCORES

XOVES

VENRES

SÁBADO

DOMINGO

1

Terremoto de Lisboa
En 1755, un sismo de 8,7 destruíu a cidade. O tsunami posterior alcanzou Cádiz e Huelva. Houbo entre 60.000 e 100.000 falecidos.

2

Inquilinos na EEI
No 2000 comeza a presenza humana continua na Estación Espacial Internacional: Gidzenko, Krikalev e Shepherd foron os primeiros.

3

DÍA INTERNACIONAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA

4

«Yes, we can»
O demócrata Barack Obama gañou as eleccións do 2008 e converteuse no 44.º presidente dos Estados Unidos, o primeiro afroamericano.

5

Condenado á forca
No 2006, a Xustiza iraquí declarou a Saddam Hussein culpable de crimes de lesa humanidade por matar 148 xiítas en 1982.

6

Marcha Verde
Uns 350.000 civís e 25.000 soldados iniciaron en 1975 a invasión do hoxe Sáhara Occidental para que España transferise a súa soberanía.

7

Pioneira na ciencia
En 1867 naceu Marie Curie, a primeira persoa con dous premios Nobel, e en dúas especialidades científicas: física e química.

8

O museo máis visitado
O Louvre abriu ao público definitivamente en 1793. De palacio real, e antes fortaleza, pasou a ser museo público nacional.

9

O poeta da raza
En 1959 faleceu Ramón Cabanillas. Homenaxeado hai 50 anos polo Día das Letras Galegas, foi membro tanto da RAE coma da RAG.

10



As ventás de Bill Gates
En 1983 presentouse Windows 1.0, a primeira interface de usuario de Microsoft. O rato superará os comandos de MS-DOS.

11

Loitador por Palestina
No 2004 morreu Yaser Arafat, quen recibiu o nobel en 1994 xunto a Shimon Peres e Isaac Rabin pola súa busca da paz en Oriente Medio.

12

A ponte da Baía
Inaugurada en 1936, a ponte da Baía uniu San Francisco e Oakland, sendo naquel entón a máis longa do mundo. Ten en total dez carrís.

13

Mickey Mouse, «aprendiz de brujo»
Fantasía é a terceira longa de animación de Disney. Estreada en 1940, xuntou música clásica e debuxos.

14

DÍA MUNDIAL DA DIABETES

15

As órbitas elípticas dos planetas
En 1630 finou o astrónomo e matemático alemán Kepler, que formulou as leis do movemento planetario.

16

O final do Imperio inca
En 1532, con Pizarro ao mando, os españois capturaron a Atahualpa. Ofreceu riquezas pola súa liberdade, pero executárono ao ano seguinte.

17

O pai da escultura moderna
En 1917 morreu Rodin, que captou a anatomía, o movemento e as emocións en obras como *O pensador.*

18

A apocalipse segundo Miguel Anxo
En 1541, Michelangelo rematou *O xuízo final,* o enorme fresco que decora a ábsida da Capela Sixtina.

19



O goberno do pobo, polo pobo e para o pobo
Abraham Lincoln deu en 1863 en Gettysburg un discurso memorable sobre democracia e liberdade.

20

Xuízos de Nürnberg
Comezan en 1945 os procesos contra 24 dirixentes nazis polas atrocidades cometidas durante a Segunda Guerra Mundial.

21

Mundo de Super Mario
A videoconsola Super Nintendo lanzouse en Xapón en 1990. O éxito foi inmediato: vendéronse 300.000 unidades en apenas unhas horas.

22

O rei de todos os españois
Dous días despois da morte de Franco, en 1975, Xoán Carlos I foi proclamado rei de España.

23

Rapaces espelidos
En 1990 falecía Roald Dahl. Antes de dedicarse a escribir, o autor de *Matilda* foi piloto de combate e traballou como espía en Washington.

24



Lucy, a devanceira
O esqueleto dunha *Australopithecus* atopado en Etiopía en 1974 mostrou que os homínidos foron bípedes moito antes do que se cría.

25

O mozo revolucionario
Á cabeza da Revolución cubana, Fidel Castro derrocou a ditadura de Batista en 1959 e gobernou a illa case 50 anos. Morreu hai dez.

26

O faraón neno
En 1922, Howard Carter e lord Carnarvon foron os primeiros en entrar na tumba de Tutankhamon en máis de tres mil anos.

27



Impacto en Marte
Malia estrelarse, a sonda soviética Mars 2 converteuse en 1971 no primeiro obxecto humano en chegar á superficie do planeta vermello.

28

Sufraxio feminino
Por primeira vez, as mulleres votaron nunhas eleccións nacionais. Foi en Nova Zelandia, no ano 1893, grazas ao liderado de Kate Sheppard.

29

Activista e abolicionista
En 1832 naceu Louisa May Alcott, que, amais da universal *Mociñas,* escribiu tamén, baixo pseudónimo, obras sobre temas tabús na época.

30

Un rei do pop de récord
Thriller, de Michael Jackson, lanzado en 1982, considérase o álbum máis vendido da historia da música.